

Subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero - 2022

📅 Dende 19 de xaneiro, 2022 - Ata 21 de febreiro, 2022

Categorías: Laboral

[Acceda dende aquí](#)

SI461A - Subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito da colaboración coas entidades locais - 2022

Data de publicación: 19/01/2022

Data inicio de solicitude: 20/01/2022

Data remate de solicitude: 21/02/2022

Obxecto

Esta resolución ten por obxecto publicar as bases e convocar as subvencións destinadas a financiar a contratación por parte das entidades locais galegas, de mulleres que sofren violencia de xénero, para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social, ata un máximo de 12 mensualidades, para mellorar e facilitar a súa inserción laboral.

A súa finalidade é contribuír a que as mulleres acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica e do seu apoderamento, e reforzando ao mesmo tempo as posibilidades dunha posterior inserción laboral estable, co obxectivo fundamental de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

Características da axuda

A contía da subvención que se concederá ás entidades locais beneficiarias será, por cada muller contratada a tempo completo, a equivalente á necesaria para sufragar durante o período de contratación, ata un máximo de 12 mensualidades, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo convenio colectivo ou normativa laboral aplicable vixente no momento de formular a solicitude e acorde coa súa categoría profesional.

O número máximo de contratacións que se subvencionará por cada entidade solicitante establécese segundo a poboación do ámbito territorial da entidade, de acordo co seguinte:

- Ata 5.000 habitantes: 1 contratación.
- Entre 5.001 e ata 20.000 habitantes: ata un máximo de 2 contratacións.
- Entre 20.001 e ata 50.000 habitantes: ata un máximo de 4 contratacións.
- Máis de 50.000 habitantes: ata un máximo de 6 contratacións.

Para estes efectos, teranse en conta as cifras oficiais de poboación na data 1 de xaneiro de 2021.

Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nesta resolución os concellos galegos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal.

Publicación DOG

Ficha informativa sede